



**Ciclismo
femenino
mundial chegará
ao Pereiro de
Aguar**



Páxina VI

**O audiovisual
"Ribeira Sacra,
onde todo pode
ocorrer" foi
presentado en
Montederramo**



Páxina IX

**O Plan
Hidrolóxico da
demarcación do
Miño-Sil
presentouse en
Ourense**



Páxina X

**A Xunta fomenta
o transporte
público pola
Ribeira Sacra**



Páxina X

**O PSdeG
considera caótica
a reorganización
do tráfico na rúa
Marcelo Macías**



Páxina XI

**Convocado o
XV Certame de
Investigación
Condado
de Pallares**



Páxina XII



O Concello de Chantada será o convidado de honra na Feira do Viño de Amandi

Páxina XIV



Se nunca descubrixe o paraíso ¡Aviso!
Convidámosvos ao Café-bar Paradise,
onde entrarás e saerás sempre cun sorriso.
En Paradise terá todo canto precise.
E xa sabedes...
en tempos de crise, vide o Paradise.
¡Esperámosvos!

Rúa Zurbarán, 16 baixo. Ourense

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Gorbachov, aquel ilustre esquecido

Este 19 de agosto cúmprense 30 anos do fracasado intento de golpe da "liña dura" do Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS) contra o entón presidente soviético Mijaíl Gorbachov. O fracaso do golpe acelerou o final político tanto do propio Gorbachov como tamén da URSS, certificado oficialmente o 22 de decembro de 1991.

Trinta anos despois, compre revisitar a figura de Gorbachov, o impulsor da Perestroika e da Glásnost, o derradeiro secretario xeral do PCUS e o primeiro (e tamén derradeiro) presidente da URSS ata a súa disolución. Un líder que tentou darlle ar fresco a un sistema excesivamente burocratizado e inerte, pero a quen as reformas propostas por el mesmo terminaron mergullándoo, a el politicamente e a ese sistema que tentou revitalizar.

Idolatrado en Occidente, a imaxe de Gorbachov dentro de Rusia ofrece claros-curos, matices grises sobre o seu legado, incluso alguén tildouno de "traidor". No seu excelente ensaio "O último imperio", o historiador ucranío Serhii Plokhy sinala que foron precisamente as elites soviéticas

de entón as que posibilitaron precisamente o final da URSS. E que Gorbachov, precisamente pola súa boa imaxe en Occidente, foi apoiado ata o último momento por EE.UU, o rival soviético da "guerra fría".

Segundo argumenta Plokhy, o entón presidente estadounidense George W. Bush pretendía "salvar" politicamente a Gorbachov e a unha URSS debilitada, coa intención de asegurar que o importante arsenal soviético do outrora "imperio do mal" (Reagan dixit) non caera en mans menos dóciles, produto da desintegración nacional do Estado soviético e da posibilidade dun viraxe autoritario, xa non de esquerdas senón nacionalista e de dereitas, con visos de antioccidentalización.

Na historia rusa, a figura de Gorbachov téndese a perfilar no espazo dos "reformistas", líderes circunstanciais que lles tocou unha difícil herdanza proveniente do seu sistema antecesor. Pero a figura do reformador na historia rusa soe entrañar dificultades. Tocoulle así a Aleksandr Kerensky en 1917, figura pouco estimada na historia rusa, quen debeu tomar o timón trala caída do zarismo como unha especie

de parteaugas antes de que os bolcheviques tomaran o poder e a guerra civil espallárase por Rusia.

Outro caso similar foi Nikita Krushev, o sucesor de Stalin, quen debeu a partir de 1956 dar un "golpe de timón" para denunciar o estalinismo e inaugurar a "desestalinización", unha etapa aperturista con Occidente que, finalmente como tres décadas despois sucedera con Gorbachov, terminou tamén por mergullalo.

É un cliché dicir que a Gorbachov lle superaron eses cambios que imprimiu para recuperar as ideas socialistas nunha URSS lastrada polo inmovilismo da "era Brezhnev" (1964-1982), que levou á inercia de poder, simbolizada na xerontocracia establecida na nomenklatura do PCUS e da propia URSS. A chegada de Gorbachov á secretaria xeral do PCUS en 1985 simbolizou unha nova era. O que non sabía ninguén era que, precisamente, esa nova era significaría o final da primeira sociedade socialista da historia e do imperio soviético, o único capaz de desafiar a EE.UU durante a "guerra fría".

Trinta anos despois, que é de Gorbachov? Unha figura xa nin siquera decorativa. Aos seus 90 anos, o líder da Perestroika, que imprimiu un novo estilo de gobernar na URSS xunto a súa carismática

esposa Raisa Gorbachova, transita case no esquecemento tanto en Rusia como no exterior, salvo algunhas contadas aparicións, como aquela da imparable maquinaria do marketing capitalista que levouno en 1998 a protagonizar un spot publicitario de Pizza Hut en plena Praza Vermella, ou como conferencista que reflexiona sobre os perigos do mundo actual.

E como a figura de Gorbachov pode explicar a Rusia post-soviética, en especial a de Putin, no poder desde 1999? Con menos claridade. A Rusia de Putin é claramente unha "oligocracia" que virou cara un capitalismo propio dun autoritarismo electoralmente competitivo, toda vez Putin simboliza as ansias de recuperación da sensación imperial perdida e o reforzamento do protagonismo ruso na escena internacional. Unha chave sempre presente no imaxinario colectivo ruso.

Aínda que desde fai anos Gorbachov publicamente ten apoiado de xeito incondicional a Putin, probablemente non era esa a Rusia que el mesmo ansiaba cando, en 1985, levou eses novos aires ao Kremlin.



Por Ramón Coira Luaces

A científica Ángeles Alvariño

Naceu en Ferrol en 1916 e faleceu en San Diego no 2005. Foi zooloxa, oceanógrafa e profesora. Foi pioneira na pesquisa oceanográfica global. Comezou a súa carreira como investigadora no Instituto Español Oceanográfico en Madrid e Vigo. Despois traballou para o Laboratorio mariño Plymouth, Gran Bretaña, onde se converteu na primeira muller en

participar como científica nunha expedición oceanográfica internacional co navío Sarsia, entre 1953 e 1954. Desde 1956 continuou o seu traballo nos EE.UU. Recebeu en 1993 a Medalla de Prata de Galiza e foi escollida pola Real Academia de Ciencias para conmemorar o Día da Ciencia en Galiza en 2005. O Instituto Español de Oceanografía nomeou un navío co seu nome en 2012.



E a reflexión que me suscita isto é que non entendo como os poderes públicos prohiben en Galiza estudar en galego ma-

terias de ciencias. É a peaxe que hai que pagar por termos altos cargos galegos na Admón. Central? Dá a impresión de que alguén pactou co Estado destruír Galiza a cambio de nomeamentos... Eu só digo que a lealdade a quen non respecta os nosos dereitos e a quen quere borrar a nosa historia e o noso feito diferencial é suicida. Só unha certa rebeldía nos pode salvar.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Mediando opini3ns

Nunca comentei, despois de sacar alg3n artigo, os comentarios que algunha xente me manda ao respecto das mi3as verbas. Son consideraci3ns moi interesantes, pois algunhas das s3as precisi3ns ao respecto, te3nen o remate daquelas mi3as verbas, apremadas por outras xentes de pensamento, condici3n e circunstancias diferentes, de localizaci3n galega pero distanciada do foco de afectaci3n dos meus apremados comentarios. Hoxe, sen ir m3is lonxe, quixera manifestar d3as opini3ns a voltas cos e3licos, dos que falei anteriormente e que van definir o noso porvir, dun xeito tan inoportuno, vendido e tan mal xestionado por aqueles pol3ticos que din xestionarnos, que administran e os que miran como algo intrascendente, con certa pasividade e pouca decisi3n. Ser3 que non saben ver como legalizan unha outra desfeita.

Coment3bame un amigo, dos de toda a vida, que a historia da explotaci3n, opresi3n, espolio..., non 3 nova, que ben o sabiamos xa. Que aquelas votaci3ns trou-

xeron estas consecuencias. Quizais ser pol3tico, en Galiza, 3 acadar a posici3n de facer o que lles peta e no peor dos casos, facer o contrario do que se necesita, quizais gobernar en contra dos intereses do pobo. Ten raz3n, non cabe d3bida, ese meu amigo. Engad3a dicindo que ese si 3 o negocio m3is antigo do mundo, para a nosa desgraza! Sempre houbo h3biles que se fixeron co poder ou amigos do poder, de calquera poder para renderse en benef3cios, ve3nan de onde ve3nan, mesmo indirectamente. Como hoxe chaman "en portas xiratorias", que xa na fuga me recompensan e estiman. Desde esa postura de poder sempre ser3n moi ben remunerados e con expectativas de mellora e de porvir, para eles e as persoas que entren no correspondente compadreo.

Por outra parte unha amiga docente, contestaba da falta de respecto que se amosa nos pol3ticos que venden Galiza, a calquera prezo, de calquera forma. A3nda a custo da terra, da natureza, dos recantos de luz e esperanza, de r3os e mares xenerosos, de terra que 3 alimento, de paisaxes,

de aire para respirar e vivir atentos 3 vida. No canto diso, xa de sempre vi3eron con encoros, minas a ceo aberto, enterro de vacas tolas, de lixos de todo o arredor, de lodos contaminados, inundaci3n de eucaliptos, de todo o que f3ra non queren. Pois que ve3nan para este para3so da especulaci3n, do experimento. Xeitos de imposici3n, de roubo, de colonizaci3n. Agora t3calle aos parques e3licos, somos zona de venda e oferta, de evasi3n, de exposici3n p3blica para contaminar e levarnos o aire sen que se vexa. T33ennos no peto. Traer3n enerx3a limpa e el3ctrica, da nosa e pagaremos como que 3 s3a, ao prezo que marquen eles. Fano moi sibilamente, traballan a opini3n p3blica, aos medios de comunicaci3n, sacan artigos e intentan convencernos de que 3 moi boa, de que ten todas as posibilidades de facernos felices. Falan expertos, previamente, vendidos ao capital. Falan pol3ticos, nada ven mal! 3 xente, sed3cena con grandes espect3culos cos que ambientan a tan agardada esperanza. T3m3n traballan 3 miudanza, aos nenos e nenas e chegan 3s aulas. Van 3s escolas de toda Galiza e andan de camp3a polos colexios falando das vantaxes incribles desta forma "limp3sima" de facer. Tan limpa que chega a limpar a materia

prima, algo milagroso, din eles. Traen aos centros educativos xogos, pel3culas e xente divertida e din3mica, contacontos que est3n exercendo o conto, falan marabillas de si mesmo e van creando nas crianzas a sensaci3n de esas enerx3as "limpas" son moi necesarias, l3citas e un exemplo a seguir. Parece unha actividade inocente, pero van calando no alumnado e converten unha colonizaci3n de formig3n nunha forma desexable de producir enerx3a, e iso pasa desapercibido completamente, pero 3 unha forma de lavado de cerebros moi sutil, que poder3a darnos idea da cantidade de cartos que hai polo medio, das intenci3ns su33as que agachan, da especulaci3n novidosa que promoven. Semellan andar dicindo que se venden parcelas de beneficio, preferiblemente a aquelas empresas de lonxe, aquelas que entran polo aro dos cartos e benef3cios, das "xiratorias" con garant3a de expresa de colocaci3n, a conta de vender Galiza 3s grandes multinacionais que, por suposto, son as que non van deixar beneficio alg3n na poboaci3n afectada nin no resto do pa3s.



Por Nem3sio Barxa. Do Padroado da Fundaci3n Manuel Maria

Agora sim, a Casa de Hortas

H3a um par de meses publiquei neste mesmo jornal um artigo redigido com o t3tulo de "Casa de Hortas", a casa familiar de Manuel Maria em Outeiro de Rei, no que minha imaginaci3n perdeu-se de in3cio e falei de vinho e lembr3ncas mais que da casa, t3tulo que a pesar de todo conservei e prometendo que noutra oportunidade falaria de verdade da Casa de Hortas.

Hoje cumpro. N3o parece inoportuna uma refer3ncia ao poem3rio para mim preferido, que 3 o da "Terra Ch3", "um povo aqui e outro acol3... o resto 3 soed3", com sua capitalidade em Vilalba e v3rios concelhos, entre eles o de Outeiro de Rei, aos que t3mb3m Manuel M3 adicou outro poem3rio. Ambos poem3rios, o "Terra Ch3" (1.953) e "Ritual para unha tribu, capital de Concello" (1.986) ao meu entender complementam-se, e complementam, o dos "Sonetos 3 Casa de Hortas" (1.997); tal vez tamb3m "A lus resucitada".

Ficamos com os dous primeiros. O Terra Ch3; o poeta, que ama a Terra Ch3 "sempre tan mi3a... tal como 3", alem de um in3cial canto em conjunto, vai debulhando polo

mi3do os lugares, regatos, povo, r3os, arvores, romagens, cultivos, fauna e flora, as cousas...; todo o que engloba a Terra Ch3 3 motivo de atenci3n e destaque gari-moso; t3mb3m h3 uma lembr3nc3 ao "cedro da horta da Casa da Horta". Do "Ritual..." dizia no limiar o amigo, quirogu3s e t3mb3m poeta, Pepe Est3vez, que o informava "o jeito idiossincr3tico de viver num espa3o vital concreto, a terra e a tribo outeiral... a maneira de compreender os temas fundamentalmente existenciais como o tempo, o amor..." Come3a o poem3rio com uma declara3n vital de "Ti sabes Outeiro que eu son Hortas.../ Feito son da tua laxa coa que os avos/ ergueron a casa en que nacin", e rematando "Amote, Outeiro, como non ame3/ a terra algunha...". A leitura resulta emotiva e de tanto descritiva semelha que observas a realidade da terra, dos lugares, das aves e dos montes como se estivesses presente. N3o deixedes de deleitar-vos com estes dous poem3rios.

Bom, pois na Terra Ch3 e na capital do Concelho, fica a Casa de Hortas. Compreenderdes que falar dela sem refer3ncias aos outros dous territorios deixaria in-

completo o conhecimento e sentimento de esta casa, que com tanta sensibilidade e tenrura canta e p3e em relevo Manuel.

A piques de perder a casa no reparto da heran3a, Manuel escreveu 40 sonetos nos que refletiam "os mais3ntimos sentimentos e ao mesmo tempo facer un retrato -o nosso retrato bom ou ru3n- da nossa casa natal". "Eu nacin nunha casa mui fermosa/ e nela deixei o meu passado/ o tempo da nenez, o sono ousado/ e a mi3a adolesc3ncia tormentosa." Adianto que felizmente os problemas resolveram-se e hoje a casa 3 centro de cultura, de etnografia, de hist3ria e de toda a vida f3sica e liter3ria de Manuel e seu entrono.

Da m3o de Manuel mostramos a casa. "A nobre antes3 da casa 3 o curral/ de dur3simo e firme pavimento.../... que defende 3 porta e 3 bufarda/ as chamin3s, as fiestras, ao lousado...". Hoje ali vereies, respeitando sua estrutura e altas vigas, um magn3fico audit3rio onde se celebram moreas de atos culturais. Seguimos pola aira, pola horta, que no seu tempo foi jardim, onde morabam uma aveleira, um cedro, uma nogueira, tr3s cerdeiras, uma pereira, um loureiro e cam3lias. Atualmente conserva-se parcialmente. Agora passamos ao interior, "foi o comedor da abaixo o preferido/ para xantar de vrau, o resto do ano.../". Conserva-se

como um amplo espa3o onde se mostra toda a prol3fica produ3n liter3ria de Manuel correspond3ncia, biblioteca complet3ssima, cozinha e servi3os. Subamos ao primeiro andar, ali toparemos "O cuarto do reloxio era o santu3rio/ a est3ncia de respecto, a mais cuidada.../...inquedante, cumprido, impenetr3bel/ o cuarto do reloxio era o mist3rio/". E segue o coarto do rel3gio "habitado de enigmas, grave e s3rio", para continuar polo "longo corredor aberto 3 vida/ era adorno da casa, a sua sorrisa/". desde o que continuamos vendo como "...a Chaira inmensa/ semellaba un universo sem confin".

Na Casa Museu de Manuel Maria, a Casa de Hortas, em Outeiro de Rei, veredes como era uma casa de labregos acomodados e como entre muitos, liderados por Saleta, conseguirem, sem mudar o essencial, converte-la num Centro de Cultura e de galeguidade. M3goa que neste recorrido po3tico j3 n3o podemos ver o c3o Petiso, nem as duas eguas, nem o burro manso, e "nada queda dos gatos na memoria". Mas fica a Casa. Visitadea.

Quinta do Limoeiro, julho 2.021



Opinión

Por Avelino Jácome

Paco Ascón, o pincel da beleza

Os camiños son gromiños dos viaxeiros da alma; camiños de Barcelona de Xares, de Madrid e da Coruña. Estás que non paras Paco!. "Moi malo cando me pare! Pintando ou espoñendo, maxinando ou andando, no podo pararme amigo, ou ando ou morro!"

Desta enerxía esta feita a arte de Paco Ascón, que pinta a toda horas, cas cores as máis das veces, e coa pluma outras tantas; pinta arbores e flores, pinta sentimentos no lenzo ou no papel, pinta xentes que non son e outras que deberían ser; paixases que aínda son, para que nunca deixen de Ser. Para el importa moito máis o Ser co Ter, o Ser co Parecer!

Na Coruña anda a expoñer con ARGGA na Feira, un alicerce dos pintores e da pintura, ao mesmo tempo en Madrid na Casa de



Paco Ascón coa súa musa Carmen Belvert, "toda unha vida saudando a beleza".

Galicia achega o nosa cultura, con agarimo, con dozura sen facer barullo; co seu mirar de "señor" que sabe ben o que pinta; co corazón cheo de bondade e a fronte levantada para loitar contra inxustiza, veña de onde veña; non calando cos aldraxes defendendo os máis pequeniños, porque todos os grandes son humildes e saben

coma Rosalía que os que máis alto suben máis fondo caen.

E tamen leva Ourense polos camiños; a catedral e a praza, as fontes, as pontes e as cores, paletas de ocre; ninguén pinta, Paco, os ocres coma ti! Rocas ou Triacastela tamén viven da túa man, asolagados de historia ferven na túa arte, inmortalizas as veces o inmortal de parte a parte.

E qué direi das Portas de Lugo, das da muralla milenaria, do Lucus que baña o Miño baixando cara Ourense, como se abren esas portas na vida do teu pincel, creandas de novo, como un deus que transforma a beleza, a memorse da belidade camiño da eternidade da arte; todo coa minuciosidade do orfebre, coa dozura do poeta, ca sinxeleza da sabiduría.

Amigos madrileños ou foráneos de visita, engadide no voso paseo, cando vaiades o Prado, pretiño na Casa de Galicia, atoparedes isto que vos conto, un artista en es-

tado puro nas paredes desa Casa de todos os galegos e se vos pilla por Coruña cos arrecendos a sal, visitade A Feira de Arga, nos xardíns de Méndez Núñez. Disfrutade da arte no mar, das ondas e das liñas, da mestría na trazo, da luz do mundo na man do pintor e do poeta, pois de cada cadro emerxe, vida, arte e poesía.

Alí atoparedelo acompañando a outros, porque él é feliz compartindo formando parte, sendo él nos outros e os outros nel; as viaxes son mellores con amigos e Ascón sabe o verdadeiro valor das dúas cousas, segue camiñando, segue pintando a realidade cos seus ollos cargados de poesía.

Segue camiñando para cos outros viaxeiros podamos transitar ao seu carón; unha honra e un agasallo poder facerche compañía!



Os vampiros da Capital

"Crees no destino? Que ata os poderes do tempo poden ser alterados por un propósito? Que o home con máis sorte neste mundo é aquel que atopa o amor verdadeiro?" (Drácula).

As cinco en punto da tarde pechouse o ceo, escurecéronse as nubes e as sereas baixáronse aos montes. As sereas das nubes, son as encargadas de repartir a choiva, cando non as estorban os secuaces de Agares o gran duque señor dos terremotos e as secas.

Nisa a canina, é unha caza-vampiros maior, especialista en alados e demiúrgos,

coñece a ambos e cheirando o aire, sabe que dirección toman os servidores do mal, pode adiviñar sobre que ectoplasmas encarnaranse, esa sabedoría aprendeuna nas mañás da Orixe co profesor Misael da Galaxia, e cunha lixeira variación tamén adiviña que vampiro volverá actuar en cada xeografía predeterminada.

O fenómeno da absorción da luz solar é presaxio de malas novas. Trasládamos o laboratorio á capital, onde finalizan todos os camiños.

Na Cidade da Cultura instaláronse os "inoculadores" de plasma, apócemas fabricadas en laboratorios de Deutschland

(antes do pobo, agora ocultos) ou os inventos dun novo "gurú", o mago moderno chamado Bancel1 do Imperio.

Este amencer recibirá o elixir da eterna mocidade a Nosa Sacerdotisa do Reino dos Salvadores, "Berthier a Grande". Nisa e eu acompañámola para defendela dos vampiros espirituais, sabido é que "merodean" os camiños buscando vítimas entre os devotos que acoden a purificarse ao Templo do Pórtico Glorioso.

Mentres esperabamos os vinte minutos de internamento, decapitamos doce sombras e rezamos mil oracións.

Cando apareceu na Porta Sacra coa súa túnica branca e a pureza nos seus ollos, recuperamos o alento e a esperanza.

No Poboado esperábannos os nosos aliados: A Raíña do Mar, a adestradora de

Negrillo, e o Cazador Roger de Santomé, gran especialista na caza maior "vampírica", adiamos o encontro porque era a festa do aniversario do Príncipe da Alegría (Dúctil ao vento) e viñan dende Áurea os Xeradores do Ben.

Aínda que a loita é terrible o número de cazadores está a aumentar e os homes decídense a tomar posicións a carón da bondade...

Poida que aínda non estea todo perdido para a nosa especie... O home con máis sorte é o que atopa o amor verdadeiro.

1.- Stephane Bancel, director executivo do laboratorio estadounidense que desenvolveu unha exitosa vacina contra o COVID-19, admitiu que o Coronavirus chegou para quedar e que se transformará nunha enfermidade endémica.

Por Nicolas Xamardo González. Prof. Honorífico da UPV/EHU

O que esconden os indultos

PSOE, tras a vitoria de ERC no campo independentista, abandona a lóxica do 151 e entra en escea coa proposta de indultos aos líderes, presos, do 1 de outubro. Esta decisión provocou unha fractura na sociedade española, orixinando múltiples reaccións: algúns (PP, VOX, Ciudadanos), ao principio, incapaces de ver a operación política que estes indultos agochan, opóñense visceralmente; outros (empresas, igrexa, sindicatos), cunha visión pragmática de España, apóíanos sen fisuras. Os primeiros, vendo o posicionamento dos segundos, estamos seguros de que comprenderon a importancia desta manobra da España pragmática; pero, con

todo, seguen co seu discurso, porque, no caso de que este pacto oculto chegue a bo porto, saben que haberá PSOE por un tempo. Hai unha lei de política que todo xestor do público debería coñecer: "cando xorde o novo (a loita pola independencia de Cataluña), dentro dela, sempre aparece a división". Unha parte é fiel ao obxectivo do movemento e outra, cando o Estado se presenta e reprime, entra na lóxica do opresor, no canto de retroceder, confesando a súa debilidade. Vexamos o que está baixo esta operación: estamos convencidos de que existe un pacto coidadosamente deseñado entre PSOE e ERC, como alternativa á demanda popular de independencia. Isto

traducírase nun Estatuto para Cataluña, sometido a referendo, que, polo menos, contén o novo que levaba o vello "cepillado". Analicemos a posta en escena da obra xa escrita noutros lugares.

O vello discurso de ERC, que agora, estando no goberno, agocha, dicía: Somos independentistas; pero, neste momento, a independencia non é posible só co 50% dos votos. Temos que traballar para que 2 terzos dos cataláns estean a favor diso. Mentres tanto, apostamos polo posible: novo estatuto con referendo. Na nova situación, o PSOE é o encargado de facer emerxer o pacto, a través dunha serie de síntomas. Iceta fala dun estatuto refrendado. Zapatero e Almunia comparten a mesma idea. Non obstante, ERC xoga ás agachadas, mostrando a súa cara aparentemente independentista (amnistía, refe-

rendo de autodeterminación e visitas a Puigdemont). Esta táctica de camuflaxe dilatoria ven obrigada pola necesidade de manter o goberno de coalición durante un tempo para desactivar a presión popular e transformala gradualmente en apoio a este proxecto. ERC confía en que o peche do Goberno español na mesa de negociación convencerá á xente de que, polo momento, non é posible ir máis alá dun novo Estatuto. Por riba do que esconde o pacto (o político como artesanía do posible), temos que dicir que, se a política é a arte do imposible, confiamos na loita de Cataluña pola autodeterminación e a independencia e non nos pactos ás costas da xente.



A derrota xudicial de ENCE

ENCE vive xa o tempo de desconto. A chamada "Audiencia Nacional" (AN) estimou o recurso do Concello pontevedrés e de Greenpeace (o da Asociación pola Defensa da Ría vaise resolver axiña) e anulou a prórroga até 2073 que lle outorgara en xaneiro de 2016 o Goberno Rajoy cando estaba en funcións. Das resultas desta sentenza ENCE ocupa terreos de dominio público sen concesión válida dende 2018 e ten que marchar da ría de Pontevedra.

A sentenza aínda non é definitiva e pode ser recorrida en casación perante o Tribunal Supremo (TS). Mais éste só admitirá para estudo o recurso se existen razóns

ben alicerzadas para requirir unha sentenza que unifique a aplicación do Dereito Administrativo estatal, neste caso o artigo 32.1 da Lei de Costas, que dispón que só se pode permitir ocupar terreos de dominio público marítimo-terrestre para aquelas instalacións ou actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra ubicación.

Velaí que a interpretación das actividades e instalacións inviábeis fóra do dominio público marítimo-terrestre pertenza á AN, neste caso, sendo o concepto a aplicar claramente restritivo, á vista tanto dos seus termos literais, como da xurisprudencia interpretativa do propio TS. Cal-

quera recurso que presente ENCE sobardaría a estreita marxe do recurso de casación, que non pode corrixir as conclusións da AN sobre a proba practicada e os feitos probados.

E a AN avaliou a proba practicada dun xeito ben concluínte, ao constatar que as fábricas de pasta de papel Kraft precisan grandes cantidades de auga doce e capacidade de evacuación a masas importantes de auga, o que desenvolve sen problemas fóra do dominio público marítimo-terrestre varias factorías en Euskadi, Aragón e en Navia-Asrtuies (ésta da propiedade da propia ENCE).

Non se albisca, pois, unha solución acaída no marco do Estado de Dereito para que ENCE siga producir na Ría de Pontevedra. Deste xeito, a lei e máis a

vontade cidadá (dende 1999 Pontevedra vota amplas maiorías contra da permanencia en Lourizán da pasteira, como escribíamos nestas mesmas páxinas en marzo deste ano) esixen que a empresa e máis as Administracións Públicas atinxidas comencen deseñar a desmontaxe de ENCE na súa actual ubicación.

Cómpre lembrar, tamén, que ENCE fica obrigada a repor os terreos ao seu estado natural e que pode reclamar da Administración do Estado a indemnización polos investimentos que fixo dende xaneiro de 2016, ao abeiro da prórroga da concesión outorgada polo goberno Rajoy cando estaba en funcións.



O noso Día Nacional

A credito que todas as persoas somos cidadás do mundo. Mais, como xa escribín hai anos nestas páxinas, o patriotismo non bate co universalismo. Para sermos persoas precisamos raíces e para pensarmos globalmente precisamos actuar localmente. Somos europeos e cidadáns e cidadás do mundo por sermos galegos.

Dixen cidadanía. A Patria, ou Matria é un proxecto cívico, unha vontade colectiva e dinámica non pechada nas esencias. Mais definirmos dende a vontade de sermos Nación no canto de facelo dacordo cunhas supostas esencias definidas hai cen anos non quita para que avaliemos en todo o seu significado o que fixeron polo País os nosos devanceiros, ao lle dotar a unha Terra derrotada e sometida en tantas ocasións (incorporación do Reino de Galicia ao de Castela no 1230, derrotas do partido galego a prol da independencia e da

unidade con Portugal nos 1369 e 1374, doma e castración do Reino de Galicia pola raíña Isabel a Católica entre 1479 e 1486, división do Reino en catro provincias en 1833, sanguínea represión da revolución nacional de 1846...) de nidos sinais de identidade. Velaí o Himno Nacional Galego de Veiga e Pondal (1907), o primeiro recoñecemento oficial da bandeira galega (A Coruña, 25 xullo 1921) ou a consideración polas Irmandades da Fala do 25 de xullo como Día de Galicia, como Día da Patria (1920).

Como ven de escribir M. Veiga Taboada cómpre distinguirmos moi nidiamente o Santiago adoptado como Día da Patria do Santiago obxecto de homenaxe polo Estado español na Ofrenda do 25 de xullo. O primeiro é ese Santiago Peregrino protagonista da construción do Reino de Galicia como Estado europeo entre os séculos IX e XIII, a fin dos camiños xacobeos no cabo da




Europa. Un referente dunha Galicia de seu no contexto dunha universitas christiana europea, fronte á realidade dunha España nomeadamente musulmá até o século XIII. Mentres que o Santiago da Ofrenda é o Matamouros que a Coroa de Castela quixo promover, con pouco suceso, como referente das Españas fronte a xudeus, mouriscos, mozárabes e conversos. E moi axiña contra cataláns e portugueses.

O Santiago do Pórtico da Gloria é o Santiago que conecta coa realidade de Galicia como nación europea, que conecta mesmo coa actual realidade leiga e pluricultural da Europa, mentres o Santiago Matamouros da Ofrenda semella cada vez máis fóra de tempo.

Velaí que o Goberno do Estado debería ter a sensibilidade de non nos impor no ceo compostelán bandeiras moi queridas-si- para unha parte dos galegos, máis que non integran, como si integra a nosa, ao conxunto da cidadanía. Ademais, hai días abondo para reivindicálas fóra do noso Día da Patria.

www.novasdoeixoatlantico.com



Ciclismo feminino mundial chegará ao Pereiro de Aguiar o 4 de setembro

A “Cerazit Challenge by Volta 21” arrincará o próximo 2 de setembro na provincia de Ourense e percorrerá por primeira vez na súa historia a comunidade autónoma de Galicia. A carreira, unha das máis importantes do calendario WorldTour feminino, segue gañando peso e incorpora este ano unha nova etapa ao seu percorrido, para un total de catro días de competición.

A presentación oficial do percorrido tivo lugar na Estación de montaña Cabeza de Manzaneda (Ourense) que terá unha enorme presenza na carreira. Este porto galego acollerá tres saídas e unha meta da proba.

En total, catro etapas moi diferentes, entre as que se inclúen dúas esixentes xornadas de media montaña, unha cronoescalada de 7,3 quilómetros e unha última etapa en chaira, con previsible final ao sprint na capital galega, Santiago de Compostela. Esta última etapa disputarase o 5 de setembro, coincidindo co final

da “Vuelta Ciclista a España 2021” na Praza do Obradoiro.

As mellores corredoras do mundo daranse cita na carreira española máis importante do calendario ciclista feminino. Farano para tratar de desbancar á alemá Lisa Brennauer, do equipo Cerazit- WNT Prol Cycling, vixente gañadora das dúas últimas edicións da carreira.

A Vuelta 21 comezará o día 2 de setembro cunha etapa que sairá da Estación Invernal Cabeza de Manzaneda e finalizará na localidade da Rúa. Un día íntegro na provincia de Ourense, cuxo percorrido supera o 118 kms. e que inclúe un paso polo Alto de Portela, de primeira categoría.

Cabeza de Manzaneda consolidará o seu protagonismo acoollendo a totalidade do segundo día de competición. A estación de montaña será o lugar elixido para a primeira cronoescalada da historia da carreira, o día 3 de setembro. Un total de 7,3 kms. de subida que suma un desnivel acumulado de 424 metros.



A carreira despedirase na súa terceira etapa da estación ourensá e poñerá rumbo cara a Pereiro de Aguiar o día 4 de setembro. Case 108 kms. de terreo “rompepiernas”, con dous portos, de 3ª e 2ª categoría, respectivamente. Clásica etapa galega que non dará nin un metro de descanso ao pelotón.

Por último, e como vén sendo tradición, a proba terminará cun final ao sprint que, por primeira vez non terá lugar nas grandes arterias do centro de Madrid, senón que sairá das Pontes e terminará en Santiago de Compostela. A histórica Praza do Obradoiro vivirá o último día de competición e vestirá

aos dous campións coa Vermella. Primeiro, á gañadora da 7ª edición da Cerazit Challenge by Volta 21 e, unhas horas máis tarde, ao gañador da 76ª edición da Vuelta a España, que tamén se coroará ese 5 de setembro, tras unha última loita contra o crono que promete emoción ata o último segundo.

O Pereiro mantén aberto en verán o programa Concilia

Trátase dun servizo que ten posibilitado que centos de familias poidan conciliar a súa vida familiar e laboral. Este verán presentáronse 106 solicitudes que poderán facer uso do servizo seguindo unha tradición de universalizar o mesmo que se mantén dende a súa creación. Pereiro fai unha firme aposta, continuada no tempo, pois non en vano estamos falando xa de que inicia no ano 2008, pola conciliación da vida familiar e laboral a través da Aula Concilia ou Aula de Abaixo situada no colexio Ben Cho Shey. Abrangue aos nenos de entre 3 e 12 anos durante o curso escolar e en períodos vacacionais. É totalmente gratuito para as familias empadroadas no Concello.

Durante as vacacións de verán a Aula Concilia adapta os seus horarios ás necesidades das familias. Dende o 23 de xuño ata

o inicio das clases no mes de setembro, mantén un horario de actividades de 7:30 h. a 14:30 h. Ofertáronse 75 prazas e presentáronse un total de 106 solicitudes para todo o verán. Todas elas poderán facer uso do programa grazas ao esforzo realizado para separar por quendas semanais as actividades, e ao número de monitoras que as desenvolverán. Un dos obxectivos das actividades programadas para este verán foi priorizar aquelas que se realizan ao aire libre en contacto coa natureza respectando en todo momento as normas COVID: Actividades deportivas e medioambientais, xogos populares, obradoiros de manualidades, sendeirismo (Roteiro dos Muíños, encoro de Cachamuiña, Monte Chaira), xornadas de piscina no complexo deportivo Monterrei e excursións.

Luis Menor, alcalde do Pereiro manifesta que “tiven ocasión de



A rapazada facendo manualidades no colexio Ben-Cho-Shey.

visitar aos nenos que están a facer uso deste servizo e ao seu equipo de monitoras así como a coordinadora do mesmo. Comprobei a súa calidade así como o grado de satisfacción dos nenos que o usan a diario. Cumpre tamén dicir que, case a diario, recibimos o recoñecemento das familias polo servizo recibido e a calidade do mesmo. Sobor de todo das que usan por primeira

vez que louban o seu nivel, amplitude de horarios e a gratuidade do mesmo. Iniciar este servizo hai xa trece anos foi unha aposta clara e decidida. Mantelo e investir constantemente nel segue a ser un sinal de identidade dun concello no que as políticas sociais, a conciliación e a igualdade real de xénero conforma unha identidade do que, no Pereiro, estamos moi orgullosos”.

A brigada de incendios está xa traballando

Dende o día 16 de xullo está xa plenamente operativa e levando a cabo as funcións propias da mesma. Concretamente estes días están a traballar en labores de desbroce para a prevención de lumes e para darlle resposta axeitada no caso de que ocorran. “O Pereiro aposta firmemente pola prevención e loita contra os lumes forestais e está a facer facer e seguirá facendo todo o que estea na nosa man para loitar contra esa lacra que nos empobrece e pon en risco o noso xeito de vivir”, asegura o alcalde Luis Menor Pérez. “Temos na brigada, formada por excelentes profesionais, un mo bo instrumento para lograr este obxectivo”, asegura o rexidor.

Turistas de Vitoria-Gasteiz, Huelva, Málaga e Galicia

Nos seis primeiros meses deste ano aloxáronse nos 150 establecementos hostaleiros da provincia de Ourense 82.000 viaxeiros, dos que 21.202 fixérono no mes de xuño pasado. No ano 2019, con 173 establecementos abertos, o mes de xuño acolleu a 30.092 viaxeiros. O total anual foi de 157.500. Non obstante a maioría de visitantes á cidade non adoitan pasar máis dunha xornada aínda que volvan noutras ocasións.

A escultora Fátima Fortea e o seu amigo Alexandro, o pintor ourensán residente en Muxía onde ten desde fai anos o seu estudo, veñen con frecuencia a Ourense. Fátima faio desde o ano 2003 cando coñeceu ao pintor. Nesta ocasión degustaron o tinto Mencía da Ribeira Sacra "Feira Cuarta" que distribúe Fito e fixérono maridando cos afumados que ofrece Pepe Callos.

Pola súa banda, David González e a súa esposa Ana María, residentes en Vigo compartiron



Fito, Alexandro e Fátima Fortea.

tamén mesa en Fuentefría con Tasio, Ana e Monset, que residen en Vitoria-Gasteiz. Chegaron procedentes de Lugo e antes estiveron na Coruña, Muxía, Fragas do Eume, Fisterra, Corcubión, Cedeira e Santiago. De Ourense partiron para Ribeira Sacra.

En O Acio estiveron Fátima e Cristóbal que son de Puebla de Guzmán (Huelva) que limita co Alentexo Baixo portugués. Viaxaron desde Verín (onde pernoitan uns días) ata Vila Real (alí teñen unha filla facendo Eras-

mus), Chaves, Lugano, Guimaraes, Tui, a comarca do Deza, A Guarda, O Rosal e Baiona.

Os turistas de Huelva compartiron o xantar con Lourdes e Juan Antonio que chegaron desde Benalmadena (Málaga) nunha furgoneta para facer cámping en áreas de descanso. Estiveron en Mérida, Béjar, Verín, Allariz e en Ourense pasaron polas termas de Outariz. Tamén por Rías Baixas e Ribeira Sacra. Dous anos antes fixeron o Camiño Francés a Santiago.



Fátima, Lourdes, Juan Antonio e Cristóbal.



Ana María, David, Tasio, Ana e Monset.



Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfns. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe



VÍSTA O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense

MADISOR, S.L.

Distribución | **MARRA** | Orensana

Rúa 8, Parcela 10 - Poligono San Cibrao das Viñas
32901. (Ourense).
Tfns: 988 247 614 - 601 info@madisor.es

O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

A Xunta defende o alto grado de execución do Plan Ribeira Sacra no seu primeiro ano pese á Covid

A Xunta de Galicia executou no ano 2020 o 90% das actuacións previstas para a Ribeira Sacra pese as complicacións da crise sanitaria derivada da covid-19. Así o destacou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, no Parlamento de Galicia, onde anunciou que o Goberno galego traballa no proceso para a declaración do románico da Ribeira Sacra como un conxunto de Bens de Interese Cultural.

“Continuamos confiando nos valores únicos e excepcionais desta paisaxe cultural e crendo que merece o máximo recoñecemento da Unesco en materia de patrimonio”, afirmou o responsable de Cultura do Goberno galego, quen explicou que a Xunta, en paralelo á candidatura, continuará avanzando no Plan Ribeira Sacra que conta cun investimento de 34 millóns de euros ata o ano 2023. “No pasado exercicio fomos capaces de executar o 90% das accións previstas a pesar da situación sanitaria e agora imos redobrar os esforzos para superar

as previsións iniciais deste ano porque o Icomos reconece que este instrumento de xestión está sendo clave”, explicou Román Rodríguez.

O Icomos (Consello Internacional de Monumentos e Sitios) é un organismo internacional non gubernamental asociado á Unesco.

A Xunta de Galicia traballa “con todos” para que a declaración de Patrimonio Mundial sexa unha realidade o antes posible. Nesta liña, Román Rodríguez fixo referencia ao carácter “aberto e participativo” do proceso da candidatura no que, tal e como precisou, se mantiveron preto de 40 xuntanzas con diferentes institucións, concellos, asociacións, veciños e entidades.

“Este foi un proceso marcado polo diálogo no que sempre tivemos en conta as achegas dos diferentes axentes implicados”, declarou. Proba disto é que na incoación do BIC da Ribeira Sacra se estimaron o 80% das alegacións presentadas e se incorporaron todas as referentes aos es-

tándares de protección das adegas, a incoación de novos bens ou as relativas ás construcións defensivas.

Así mesmo, a tramitación para a declaración do románico da Ribeira Sacra como un conxunto de BICS tamén se iniciou por petición dos propios colectivos vencellados ao territorio. “O proceso, que esperamos rematar este mesmo ano, será unha das claves para a preservación dos valores universais da Ribeira Sacra”, engadiu.

Esfuerzo de todos

Durante a súa intervención, o conselleiro tamén fixo un chamamento a todos os grupos para que traballen xunto coa Xunta de Galicia no futuro deste territorio. “O Goberno galego está cumprindo escrupulosamente co acordado e reformularemos os aspectos da candidatura que sexan precisos, pero este territorio merece o esforzo de todos para conseguir o sí definitivo”, expresou.

Así, lembrou que a Xunta de Galicia e o Goberno central retomarán en setembro os contactos con Icomos e ampliarán o grupo



Vista aérea de Castro Caldelas (Ourense).

que traballa na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade. “Debemos aproveitar a decisión de pospoñer os trámites finais para fortalecer o noso traballo e acreditar coas máximas garantías os valores excepcionais da Ribeira Sacra”. Para iso, tal e como apuntou, apostarase por “intensificar a actividade a todos os niveis co fin de acadar unha mellor comprensión dos valores excepcionais que fan que a Ribeira

Sacra mereza o máximo recoñecemento da Unesco”.

Todas estas medidas complementaranse co proxecto presentado aos fondos europeos Next Generation para actuar sobre este territorio e que aspira a captar 40 millóns de euros. Trátase dunha proposta específica para a rehabilitación patrimonial que permiten “falar do futuro con seguridade e continuar avanzando con firmeza e solvencia”, engadiu.



Terra de Montaña
Destino Turístico

Montederramo

www.concellodemontederramo.org

T. 988 29 20 00






O audiovisual "Ribeira Sacra, onde todo pode ocorrer" foi presentado en Montederramo

Estreouse en Montederramo a produción audiovisual "Ribeira Sacra, onde todo pode ocorrer", dos artistas Queimán e Pousa. Manuel Baltar, presidente da Deputación, referiuse á visión que tiveron eles e moitos dos que os precederon, como os "sete tolos" (en referencia ás sete persoas que impulsaron a creación da denominación de orixe Ribeira Sacra) e a Eduardo Barreiros, "para contribuír a promocionar este territorio, berce de xente loitadora e valente, unha contorna á que seguiremos apoiando para seguir potenciando a súa identidade como destino universal".

O acto tivo como obxectivo presentar esta produción audiovisual que difunde a riqueza histórica, natural, rural e patrimonial da Ribeira Sacra. Trátase un vídeoclip promocional, un documental, 21 vídeos promos de adegas e cinco making of. Todo elo para que o territorio que é candidato a Patrimonio Mundial pola Unesco "fomente as súas excelencias naturais, etnográficas, culturais e do patrimonio histórico-artístico que posúe", comentou o presidente da Deputación. A obra conta coa colaboración de institucións, concellos e adegas, para poñer en valor a riqueza interior e rural da Ribeira Sacra.

O presidente da Deputación fixo un repaso ao proceso para poder acadar o recoñecemento

de Patrimonio da Humanidade da Unesco para a Ribeira Sacra e lembrou que desde aquel 9 de setembro de 2013 en que convocou aos alcaldes dos concellos ourensáns da Ribeira Sacra e logo sumou o apoio do, daquela, presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, "todo seguiu o seu curso e agora queda agardar que esa distinción se faga realidade, o cal lle dará maior pulo a este territorio", expresou Baltar no discurso de clausura do acto.

Declaracións

Antonio Rodríguez, alcalde de Montederramo, apelou "á necesidade de seguir promocionando á Ribeira Sacra para conseguir fixar nela máis poboación".

José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, salientou "o orgullo de sentirmos partícipes dun territorio ao que o sector do viño soubo aglutinar ao redor dun gran proxecto".

Tamén a ese "efecto unión" se referiu César Parente, vicepresidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, afirmando que Ribeira Sacra son sentimentos, emocións, pero sobre todo xentes e máis de 500 empresas vinculadas ao sector turístico, que traballan cada día para facer máis grande esta contorna".

Proxecto audiovisual

A produción presentada é un

proxecto da produtora Queimán e Pousa. A sinopse trata sobre o papel dunha empresaria do mundo do viño (interpretado por Andrea Pousa) que dirixe unha adega de éxito e que goza do seu tempo de lecer nos distintos espazos emblemáticos da Ribeira Sacra. Este personaxe experimentará ensoñacións onde a mitoloxía, lendas e historia serán partícipes: Fadas, romanos e monxes, daranse cita nun enclave único e máxico.

Dirixido por Eugenio Cortegoso, o traballo valora o capital románico rural e homenaxea aos viticultores que manteñen a tradición dunha práctica heroica polos socalcos fluviais, ademais de fomentar o turismo da zona e promover a afluencia de visitantes.

A proposta foi rodar un vídeo musical para promocionar a Ribeira Sacra como candidata a Patrimonio Mundial da Humanidade. Cos acordes de Canto á Ribeira Sacra, interpretado por Andrea Pousa e Brujo Queiman, a produtora xa demostrou, a través das redes sociais, que esta estratexia de marketing funcionou para acceder a un público moderno, mozo e moi interesado na cultura.

Este traballo elaborado xorde para dar continuidade ao primeiro vídeoclip que se realizou en 2018, onde se mostra unha Galicia emigrante dos anos 60, cando non se percibía a riqueza cultural e rural agochada no interior do territorio. Esta segunda parte amosa



Os actos celebráronse no exterior e interior do mosteiro de Santa María de Montederramo.

a comunidade moderna e sostible que é hoxe en día. Con este obxectivo, recoñecen e destacan o labor dos adegoiros que construíron o mundo da xa famosa viticultura heroica, así como das persoas que emprenderon un produtivo negocio neste destino.

Entre o reparto destaca a presenza de Antón Durán Morris, actor estrela convidado que interpreta a un xeneral romano que percorre estas terras cos seus soldados (representado pola Garda Pretoriana de Lugo). Brujo Queimán é o actor encargado de levar a cabo o papel de monxe, un personaxe que fará un percorrido polos mosteiros e igrexas máis relevantes da Ribeira Sacra como son os mosteiros de Montederramo, Santo Estevo, Mosteiro San Pedro de Rocas e Divino Salvador, a Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño e a Igrexa de Santa Cristina de Parada de Sil.

Tamén se resalta a beleza dos miradoiros de Parada do Sil, Matacás, Pena do Castelo, Cabo do Mundo e Vilouxé, así como a praia da Cova, o embarcadoro de Santo Estevo, a fervenza do Cachón, a ponte medieval da Teixeira e Castro Caldelas, declarado como

un dos pobos máis bonitos de España.

No vídeoclip tamén se resalta o traballo das mulleres no mundo vitivinícola, tanto na man de obra como nas decisións empresariais. Por iso, a protagonista é unha muller, interpretada por Andrea Pousa, que defende e reivindica a súa labor nun terreo que aparentemente só é de homes.

Asemade, destácase como comezou o renacemento da Ribeira Sacra, a través da creación do Consello Regulador da Denominación de Orixe, con entrevistas aos propios protagonistas, aos "sete tolos", como se definen, que lle deron luz verde á denominación: Evaristo da Cova, César Cachín, Jose Manuel Décima, Manolo de Quiroga, Pepe "O Gafas", Suso Verao e Luis Chemari.

A partires de todo o material, elaboráronse 21 vídeos promocionais para as adegas e concellos participantes no proxecto, co obxectivo de que cada un teña un maior protagonismo e se resalte o máis especial de cada zona. A rodaxe tivo lugar durante dúas semanas, en setembro de 2020, na época da vendima.

Tapería Caseña | Viños | Bicas

988 29 20 39 / 89 - 639 51 54 06 | MONTEDERRAMO (Ourense)

CALEFACCIONES

LINO PEÑA

PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
AIRE ACONDICIONADO
REFORMAS COMERCIALES

OURENSE: Av. Buenos Aires, 246

☎ 988 232 959
☎ 988 223 118
☎ 609 888 918

O Plan Hidrológico da demarcación do Miño-Sil presentouse en Ourense

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil Ou.A. realizou unha xornada virtual de presentación da proposta de proxecto de Plan Hidrológico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil para o ciclo de planificación hidrolóxica 2022-2027. José Antonio Quiroga, presidente do Organismo de conca, e Carlos Guillermo Ruiz do Porta, xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica, debullaron o contido do proxecto de PHM- S do terceiro ciclo (2022-2027), dentro do proceso de participación pública que está a permitir a toda a cidadanía trasladar observacións e suxerencias a estes documentos.

Este seminario contou con máis de 200 asistentes que, á finalización das intervencións, puideron interactuar cos relatores a través de preguntas que, na súa gran maioría, foron respondidas antes da finalización da xornada.

“O proxecto de Plan Hidrológico define e desenvolve as actuacións e medidas máis adecuadas para dar resposta aos problemas ambientais e socioeconómicos identificados, é dicir, establece e detalla as actuacións para acometer na demarcación para afrontar retos como o cambio climático, problemas de contaminación da auga, deterioración hidromorfo-



Reunión virtual.

lógico, presenza de invasoras, ou para mellorar o réxime de caudais ecolóxicos, a xestión de inundacións e sequías”, explicou o presidente.

A característica máis importante deste novo Plan céntrase nas actuacións incluídas no Programa de Medidas (PM), como elementos clave para alcanzar os obxectivos ambientais do bo estado das masas de auga, antes de finalizar o ano 2027, prazo máximo conforme á Directiva Marco da auga e a lexislación nacional.

O PM recolle 339 medidas con 312,26 millóns de euros de orzamento, do cal o 66 % será financiado pola AGE (CHMS, DGA, ACUAES); inclúense, ademais, todas as accións que se executarán con cargo ao Fondo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Este novo Plan Hidrológico ten moi en conta os efectos do cambio climático nos recursos hídricos, xa que se, a futuro próximo, provocará unha diminución significativa dos mesmos e unha maior recorrencia de fenómenos extremos como inundacións e secas. Na CHMS expónse a elaboración dun plan de adaptación ao cambio climático, en cumprimento da Lei de Cambio Climático.

Durante a xornada destacou que a coordinación entre administracións e a participación pública son os elementos clave no proceso de planificación.

Pódese consultar o proxecto e remitir observacións ou suxerencias ao mesmo, ata o día 22 de decembro de 2021, na seguinte ligazón: <https://www.chminosil.es/es/consulta-publica-do-proxecto-plan-hidrologico-de-conca-2022-2027>.

A Xunta fomenta o transporte público pola Ribeira Sacra



Presentación do bus lanzadeira en Santa Cristina de Ribas de Sil.

O vicepresidente primeiro, Alfonso Rueda, asistiu á presentación do bus lanzadeira de acceso ao Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil (Parada de Sil), unha iniciativa coa que se pretende reducir o tráfico privado para preservar a contorna natural e que forma parte da aposta da Xunta pola mobilidade sostible na Ribeira Sacra co fomento de medios de transporte público.

O bus lanzadeira é unha das actuacións que se están levando a cabo no Plan de Sustentabilidade na Ribeira Sacra, impulsado polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, para evitar que o incremento da demanda turística xere un impacto crecente sobre o territorio. Con este obxectivo,

preténdese reducir a presenza de vehículos privados, favorecendo un uso dos espazos públicos máis sostible e seguro.

Entre as medidas adoptadas figura a creación dunha liña de transporte público ao Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil que fará o seu percorrido de mércores a domingo, con frecuencias e prezos atractivos e con efecto disuasorio cara o uso do vehículo privado.

O Plan de Sustentabilidade Turística na Ribeira Sacra suporá un investimento de 1,8 millóns de euros neste territorio, dos que a Xunta fai unha achega de 850.000 euros. O resto do investimento corre a cargo da Secretaría de Estado de Turismo e do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

A UNED Ourense analizará o legado arquitectónico e urbanístico de Antonio Palacios

A Universidade Nacional de Educación a Distancia (Uned) de Ourense organiza e celebrará unhas xornadas sobre o legado do arquitecto Antonio Palacios Ramilo (O Porriño, 1974-Madrid, 1945). Terán lugar do 4 ao 8 de outubro no salón de actos do Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense.

Antonio Palacios pasou á historia polas súas obras de arquitectura, como o Palacio de Comunicacions de Madrid, o Círculo de Belas Artes da capital espa-


ñola; estacións e logotipo da primeira liña de Metro, o Concello do Porriño, o templo votivo do Mar de Panxón e, entre outras moitas, o forno da Rede de San Luís. Tamén hai outro Antonio Palacios máis descoñecido como o debuxante e pintor, autor de numerosas acuarelas, cadros e bosquejos.

Na provincia de Ourense deixou preparados os proxectos para o novo santuario da Encarnación en Celanova, para a praza de San Martín fronte á catedral, trazas

ambas que non se traduciron en construcións, quedando sobre o papel. A única que se converteu en edificio é a da igrexa da Veracruz no Carballiño. Tamén aconsellou ao entón párroco de Seixalbo nos anos 30 do século XX, para non vender unha imaxe medieval da Virxe.

Estas xornadas supoñen 10 horas lectivas e permiten obter 0,5 créditos ECTS que concede a Facultade de Historia da UNED/UNED. As sesións serán presenciais e en liña.

ANTOMS



O tráfico na rúa Marcelo Macías xa está aberto nos dous sentidos de circulación

O tráfico da rúa Marcelo Macías, en Ourense, quedou aberto o 30 de xullo, restablecéndose os dous sentidos de circulación. O remate das obras de renovación integral da rúa, que se prevé no mes de agosto, só fará necesario restrinxir a circulación nos dous carrís de servizo da rotonda do Olivo, pois son precisos para o acopio de materiais.

O Goberno galego está a investir 1,7 millóns de euros no acondicionamento de 1,3 quilómetros da estrada autonómica OU-540 que coincide coa rúa Marcelo Macías. As obras consisten na renovación e mellora do pavimento, dos sinais, das beirarrúas ou dos pasos de peóns, así como das redes de abastecemento e de saneamento e do alumbeado público. A actuación inclúe, ademais, traballos de mantemento e con-

servación no viaduto sobre o río Barbaña e o reforzo da seguridade viaria da rúa, cun total de sete pasos de peóns elevados coa fin de reducir a velocidade dos vehículos e protexer aos viandantes.

No marco deste proxecto, tamén se desenvolven traballos de renovación de servizos urbanos de saneamento, abastecemento, iluminación, coa colocación de luminarias ornamentais da ponte sobre o Barbaña.

Na data da apertura da rúa, varios donos de coches que estaban aparcados foron multados xa que logo agora a vía dispón de menos espazos para aparcadoiros de coches. Os veciños sosteñen que as obras da estrada fixéronse con criterio de dar entrada e saída de vehículos á cidade pero non para dar servizo como rúa á veciñanza.

Os socialistas con represen-

tación no Concello solicitaron en varias xuntas de área os informes emitidos pola policía local en relación coa reorganización do tráfico en Marcelo Macías. Sinalan que son “coñecedores da problemática veciñal” en canto acceso a entrada e saída de garaxe e desvío a outras rúas colindantes. Denuncian que “non se proporcionou ningunha información e decidiuse nos últimos días o pintado da liña continua a través de toda a rúa, co agravio que supón”.

Por este motivo, o grupo municipal socialista solicita que se fagan “públicos” todos os da policía local emitidos ao respecto da nova regulación do tráfico na rúa Marcelo Macías e se “tomen todas as medidas necesarias para solucionar esta situación”. Os socialistas tamén lamentan o “reiterado bloqueo á oposición e



A rúa xa está aberta ao tráfico en ámbolos dous sentidos.

falta de transparencia de Jácome e Ucha” ante as múltiples solicitudes e informes requiridos e sen resposta.

Días atrás os veciños concentráronse para mostrar o seu enfado polo pintado na vía de liña continua, a diferenza do que sucedía antes da obra proxectada pola Xunta. Esta situación supón, segundo a Federación Limiar, que os veciños se vexan obrigados a dar rodeos que poden superar o quilómetro para acceder ou saír dos seus garaxes e negocios, ao estar prohibido os xiros ao outro carril.

A veciñanza percibiu isto durante o pintado que se realizou tras culminar os labores de asfaltado nas últimas semanas, deixando unicamente unha liña descontinua entre os números 50 e 52 para permitir o acceso á rúa Fonte do Picho, insuficiente para que poidan virar á esquerda. Así mesmo, tamén desapareceron as liñas descontinuas nos puntos onde hai vaos.

Ao comezo destas obras o ano pasado a plataforma veciñal mostrase o seu descontento polo proxecto pola redución de prazas de aparcamento.

EL HORNIGUERO
Café - Sidería
CROQUETERÍA - GINTONIES

Bocadillos, sándwiches
hamburguesas, ensaladas
pratos combinados
raciones, sobremesas
Comidas a domicilio

Marcelo Macías, 3. Ourense. Tfnos. 988 070127/609467043

majestic

Se traspasa este bar
con mercancía

Terrazas en
fachada y posterior
con zona verde

Praza Monteagudo, 3
O Couto (Ourense).
Tfno. 641 81 10 36

Torremolinos
Café - Bar

Establecimiento seguro
Certificado desinfección
www.saneaccontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

café prifer

Rúa Marcelo Macías 56
O U R E N S E

Convocado o XV Certame de Investigación Condado de Pallares

O Museo provincial de Lugo acolleu a presentación do XV Certame de Investigación Condado de Pallares, convocado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, co obxectivo de promover a investigación nos ámbitos da linguística, a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, a etnografía e o folclore no territorio que conformaba o antigo Condado de Pallares, entre os concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballo.

As persoas interesadas en participar poden achegar os seus traballos de investigación, escritos orixinais e inéditos en lingua galega, ata o 30 de setembro, remitíndoos por correo certificado, baixo plica, á Casa Reitoral de

Ferreira de Pallares, onde ten a súa sede a asociación.

Establécese un único premio de 3.000 euros que será outorgado ao autor ou autora da obra que reúna suficientes méritos científicos. O xurado emitirá o seu fallo nun acto que se celebrará o 6 de novembro. A obra gañadora será publicada.

O presidente da Asociación Condado de Pallares, Carlos Vázquez, sinalou na presentación a relevancia do certame, ao que “nos últimos anos se presentan traballos de persoas investigadoras non só do ámbito territorial do Condado de Pallares, senón tamén do resto de Galicia”. Tamén trasladou o seu agradecemento ás administracións e entidades colaboradoras: Vicepresidencia da

Deputación, Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, os concellos de Guntín, Taboada e Chantada, os GDR Miño Ulla e Comarca de Lugo e a Caixa Rural Galega.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, puxo en valor o traballo desenvolvido pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Pallares que, “ademais de sacar adiante unha nova edición do certame, nuns meses difíciles para a cultura por mor da situación sanitaria, fixo un esforzo por manter a actividade e por visibilizar e dar traballo as xentes dos sectores ligados a produción cultural”. Ademais, animou “a todas as persoas investigadoras que teñan traballos relacionados co ámbito territorial a participar no



A presentación foi no Museo de Lugo.

certame e ofreceu os fondos dos museos de Rede Museística para afondar no seu coñecemento”.

Na presentación, no claustro do Museo de Lugo, tamén participaron Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística; María

José Gómez, alcaldesa de Guntín; Manuel Varela, alcalde de Chantada; Ramiro Moure, alcalde de Taboada; José Manuel López Marcos, director provincial de Caixa Rural, e Javier Rodríguez Medela, xerente do GDR Miño Ulla.

Lugo é o primeiro gran Concello de Galicia en ter homoxeneizados os niveis de protección do patrimonio catalogado

Área de Sostibilidade Urbana deu traslado ao Pleno Municipal da conformidade amosada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural á homoxenización formulada polo Concello para conciliar os niveis de protección que recolle o PEPRI, o Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado, cos requirimentos da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Lugo convértese así, no primeiro gran Concello da Comunidade Autónoma en superar este trámite co que o Goberno de Lara Méndez non só persegue axilizar a tramitación e concesión das licenzas para actuacións que se poidan ver afectadas por este Plan, senón tamén ofrecer maiores garantías aos seus promotores.

Na procura dese obxectivo, o Servizo Municipal de Arquitectura elaborou un informe xustificando a equiparación entre os catro tipos de protección



Lara Méndez, alcaldesa de Lugo.

que cómpre ter en conta nas intervencións de conservación, restauración, readaptación, reestruturación e ampliación que resultan autorizables dentro do ámbito do PEPRI e os tres niveis de salvagarda que recolle a normativa autonómica ao respecto.

“A consecución desta equivalencia permitirá, a partir de

agora, á Administración local abordar cunha maior dilixencia aqueles procedementos urbanísticos que afecten a elementos arquitectónicos ou paisaxísticos catalogados nos que sexa obrigada a supervisión do ente galego, ao ter consensuados, así, con esta harmonización os criterios técnicos a seguir”, sinalou a alcaldesa, Lara Méndez.

‘50 fotografías con historia’, un percorrido polo últimos oitenta anos



A exposición poderá contemplarse ata o 8 de setembro.

A exposición ‘50 fotografías con historia’, una mostra que estará instalada na Horta do Seminario ata o 8 de setembro, recolle unha selección de imaxes icónicas e representativas do acontecer dos últimos 80 anos a través da mirada e o relato dos seus autores.

“Cada unha destas fotografías reflicte unha visión do mundo, pero tamén unha forma de entender a fotografía e da súa correspondente carga social”, dixo a alcaldesa Lara Méndez que destacou a enorme calidade dos profesionais que amosan o seu traballo, entre os que se encontran tamén fotógrafos galegos. Entre a selección de profesionais atópanse 17 Premios Nacionais de Fotografía e 2 Premios Nacionais de Artes Plásticas.

A exposición itinerante chega a

Lugo despois de pasar por Guadalajara e pola embaixada de España en Washington.

A iniciativa está deseñada para acadar o interese calquera tipo de público, que pretende que o visitante coñeza como evolucionou a fotografía en España e descubra cuestións tales como “a rutina de traballo do fotógrafo, o contexto histórico e social en que o fixo ou a relevancia que tiveron esas imaxes na súa carreira”, segundo explicou a directora da programación de Acción Cultural.

A exposición ofrece a oportunidade ao visitante de realizar a visita guiada a través do seu teléfono móbil grazas aos códigos QR, situados en cada fotografía. Deste xeito, o visitante, poderá acceder á páxina web da exposición e profundar na historia da fotografía e do autor.

A historiadora Manuela Sáez presenta un libro sobre o Gran Conde de Lemos

José Tomé Roca, presidente da Deputación de Lugo, xunto con Manuela Sáez autora do libro “Coleccionismo y Almoneda del Gran Conde de Lemos, Don Pedro Fernández de Castro”, presentaron esta publicación que foi editada polo organismo provincial, “dentro do noso compromiso coa divulgación do patrimonio e da cultura da provincia”. Ao acto tamén asistiu a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e a tenente de alcalde de Monforte de Lemos, Gloria Prada.

“Estamos ante unha obra monumental, un fito no coñecemento dunha das figuras máis sobresaiñtes da Idade Moderna en Galicia. Co rigor e a minuciosidade que define toda a súa traxectoria como historiadora, Manuel Sáez pon ante nós o conxunto dos bens que Don Pedro deixou á súa morte. Como quen xunta as pezas dun

quebracabezas, a doutora Sáez xunta mobles e tapices, pezas de prata e cadros dos mestres italianos, debuxos e vaixelas, para compoñer ao final un completo retrato da vida da alta nobreza galega no século XVI e XVII”.

Noble

Tomé Roca repasou os principais fitos do Conde Pedro Fernández de Castro, poñendo o foco, sobre todo, na súa vinculación coa cidade de Monforte. “Foi un dos principais nobres da súa época. Grande de España, vicerrei de Nápoles, presidente do Consello Supremo de Italia e alguacil maior do Reino de Galicia, foron só algúns dos seus cargos. De feito, a súa decidida defensa do dereito de Galicia a contar con voto en Cortes fixolle ir caendo en desgracia ante o Rei Felipe III e o seu valido, o poderoso Conde-Duque de Olivares. Como non puido conseguir o que desexaba, retirouse ó seu palacio de Monforte,

a pasar os derradeiros anos entre libros e obras de arte. Sen amargura, xustificou a súa decisión cunha interesante reflexión filosófica e política: cando non podes o que queres, tes que querer o que podes”, explicou o presidente, quen lembrou que o conde “deixou boa proba do seu amor por Monforte”. “Sempre apoiou á comunidade das Clarisas, á que a súa viúva lle construíu logo da súa morte un novo convento.

Museo e academia

Converteu o palacio condal nunha sorte de museo e academia literaria, onde se podían apreciar as súas coleccións de arte, perdidas no incendio de 1672, e debater sobre cultura. Sen dúbida, o carácter monumental de Monforte e a súa importancia na historia de Galicia non terían acadado a mesma relevancia sen a súa figura”, subliñou José Tomé. “Como as grandes obras da historia, esta de Manuela Sáez está chamada a



Presentación no Centro do Viño de Monforte de Lemos.

xerar no futuro novos estudos. Nela pódense estudar cuestións como o prezo e o aprecio que no pasado acadaban os obxectos de luxo ou os cotiáns, ou a evolución do aprecio dos artistas que co tempo consideramos indispensables”, afirmou.

Así mesmo, indicou que este libro “é unha peza máis no coñecemento da historia de España, de Galicia e de Monforte de Lemos, localidade natal do conde e da autora, ámbolos dous unidos a través dos séculos polo amor ao seu pobo”.

“Contan as crónicas que o rei Felipe III louvou nunha ocasión

o traballo de Don Pedro como presidente do Consello de Indias dicindo que honrou o cargo e se honrou a si mesmo. Penso que este eloxio resulta acaído para o traballo que hoxe presentamos. Sen dúbida, esta obra honra ó Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, que editou este libro dentro do noso compromiso permanente coa divulgación do patrimonio e da cultura da provincia. E honra, unha vez máis, á súa autora, ao demostrar de novo a súa mestría e excelencia no cultivo da fermosa disciplina da Historia”, asegurou o presidente.

Os versos e retratos de Xela Arias chegan a Monforte nunha exposición

A exposición “Xela Arias. A poesía do retrato” loce no Parque dos Condes de Monforte. A mostra, con fotografías de Xulio Gil e poemas de Xela Arias, consta de vinte paneis nos que as imaxes en branco e negro da autora dialogan con versos da súa obra poética.

As fotografías retratan a autora sarriá posando con determinación e sen artificios ante o obxectivo de Xulio Gil cando tiña entre 26 e 40 anos, tempo que compartiron como parella artística e persoal. Trátase de imaxes tomadas para seren socializadas en revistas, libros ou noutros soportes, que se mostran por primeira vez en formato expositivo por iniciativa da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

“Optamos por este formato exterior e itinerante, coa intención

de achegar a obra de Xela Arias a todo tipo de público e de manter a atención sobre o seu traballo máis aló do Día das Letras Galegas. Durante todo o ano, incluso mentras saudamos a elección de Florencio Delgado Gurriarán como homenaxeado no 2022”, explicou a vicepresidenta Maite Ferreiro no acto de inauguración da mostra, que permanecerá no Parque dos Condes ata o 2 de agosto.

“Consideramos fundamental que as persoas referentes da lingua e da cultura galega, como Xela Arias, estean presentes de forma constante nas aulas, nos espazos culturais, nos medios de comunicación e tamén a pé de rúa”, reivindicou a tamén responsábel de Cultura durante a presentación, na que tamén interviron Gloria Prada, tenente de alcalde de Mon-

forte, e Darío Gil.

O fillo da poeta e do fotógrafo agradeceu a “continuidade” da mostra no “ano de Xela Arias” e mostrouse convencido de que a exposición na rúa “contribuirá a que a xente siga coñecendo a súa obra” e a que “quen non se teña asomado á literatura en galego, poida facelo”. Alegou ademais a favor da “cultura como ferramenta de transformación social” tal e como, dixo, “se entendía e se transmitira na súa familia”.

O acto contou co acompañamento musical do grupo sarriao Malditos Roedores, que interpretou un repertorio de pezas co galego e os referentes femininos como fio condutor. Na inauguración, estiveron presentes, entre outras, a concelleira de Cultura de Monforte, Marina Doutón e o concelleiro do BNG, Emilio Sánchez.



A exposición é unha iniciativa da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Formato e itinerancia

As fotografías e poemas presentáanse impresos en paneis metálicos, encadrados en marcos de aceiro galvanizado sobre peanas de formigón. Un formato deseñado por Ouvirmos para a instalación da mostra en espazos exteriores e a itinerancia polas distintas comarcas. Monforte é a cuarta parada da exposición, tras o seu paso por Sarria, Lugo e Chantada, desde a súa

inauguración o pasado 1 de maio. A itinerancia continuará nos seguintes meses, coa presenza da exposición en Ribadeo e Viveiro.

Ademais da mostra, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo colaborou nun libro catálogo de título homónimo, coordinado por Xosé Enrique Acuña e editado por Engaiolarte, que recolle unha escolma máis ampla de retratos e fotografías.

O Concello de Chantada será o convidado de honra na Feira do Viño de Amandi

Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober; Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local; Javier Arias, delegado da Xunta en Lugo; e Raquel Arias, concelleira, presentaron a programación da XLI Feira do Viño de Amandi e o seu cartel anunciador. A Feira celebrárase os días 11 e 12 de agosto e haberá control de acceso para cumprir coas normas sanitarias en vigor.

Mes de Amandi

Martes 3 de Agosto. Ás 10:00 horas no Centro Sociocultural:

xornada técnica: 'O Castiñeiro de Froito: Planificación e deseño de plantacións'. Organiza: I.X.P. Castaña de Galicia.

Xoves 5 de Agosto. Ás 19:00 horas en Tapería Tear de Cadeiras: cata comentada de viños rosados da Subzona de Amandi (D.O. Ribeira Sacra). Dirixe: Cristina Mantilla, enóloga e docente no CPR Belarmino Fernández, de Rosende.

Venres 6 de Agosto. Ás 12:00 horas na oficina de turismo: presentación da exposición permanente do material atopado nas escavacións de Proendos.

Luns 9 de Agosto. Ás 13:30 horas no restaurante Berso: xantar&maridaxe. Dirixe a sumiller Elisabet Castro.

Martes 10 de Agosto. Ás 19:00 horas no C.P.R Belarmino Fernández: xornada técnica 'Aprende a Catar' (nocións básicas e diferenza de variedades galegas). Dirixe a sumiller Isabel Lozano Verdes.

Mércores 18 de Agosto. Ás 22:00 horas na Praza do Toural, Concerto de Gin Toni's.

Sábado 21 de Agosto. Ás 20:00 horas na Praza do Toural, Concerto da Banda de Música de Muimenta.



A presentación foi na rotonda do carretero.

Venres 27 de Agosto. Ás 22:00 horas na Praza do Toural: concerto á luz da lúa coa Banda de Música de Sober.

Do 1 ao 30 de agosto no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XLI Feira do Viño de Amandi.

Cata de viños

Con un xurado profesional celébrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira. Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da añada de 2020, un premio para viños bran-

cos da añada de 2020 e un premio para viños envellecidos en barrica. Organiza: Vinosacra

Concurso de carteis

Presentáronse 40 orixinais chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado acordou outorgar o primeiro premio o traballo presentado por Eduardo Pérez Bahamonde de Vilalba e concedéronse accesit aos traballos presentados por Isabel Núñez Montero de Pontevedra, Alfonso Giménez Ventura de Betxí (Castellón), Maica Otero Cores, de A Illa de Arousa e Irimia Codés Lillo, de Lourenzá.

Homenaxe á familia Rivas Valdés




Viños de Amandi.

Para acceder ao recinto feiral da Feira Mostra do Viño será preciso ter entrada. O recinto estará delimitado e haberá control de aforo para cumprir coas actuais normas sanitarias. O goberno local informará nos vindeiros días de cómo facerse coas entradas de acceso aos postos.

A programación dos dous días é a seguinte. Mércores. 11 de Agosto. Ás 11:00 horas: apertura

oficial a cargo da familia de Benito Rivas Valdés, co-fundador da Feira do Viño de Amandi, falecido recentemente. Ás 11:15 horas: Actuación da Banda de Música de Sober. Ás 12:00 horas: pregón.

Xoves 12 de Agosto. Ás 11:00 horas: actuación de Os Xogares de Lemos. Ás 11:30 horas: comezo da Cata Oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Ás 13:30 horas: entrega de premios do Concurso de Cata.



Anciáns de Monforte visitaron a adega Regina Viarum en Doade

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, acompañou aos usuarios da Residencia da Terceira Idade de Monforte de Lemos na súa excursión polos distintos recunchos de Lugo. Alí, o representante autonómico puxo en valor a necesidade de levar a cabo estas actividades que permiten aos maiores volver saír ás rúas para poder practicar ocio seguro e saudable de xeito cotiá.

Os usuarios desta residencia visitaron a bodega Regina Viarum, onde percorreron as instalacións

e observaron o proceso de traballo rutineiro que se leva a cabo nunha adega. Continuaron a excursión asomándose ao Miradoiro do Duque, o único que ten Monforte de Lemos sobre o Canón do Sil, cunhas vistas nas que se pode divisar os viñedos de Amandi, o embarcador de Doade e, alén do río, Castro Caldelas e A Teixeira. Ademais, os residentes realizaron unha ruta no tren turístico que os achegou aos diferentes puntos da Ribeira Sacra e que percorreu as empinadas ladeiras da zona, unha actividade coa que os maiores disfrutaron

especialmente da natureza e das paisaxes que ofrece Galicia.

Regina Viarum atópase no corazón da Ribeira Sacra, en Amandi, que representa a esencia dunha terra única, que confire á uva calidades irrepetibles. Adegas Regina Viarum ten o firme propósito de elaborar viños de calidade sobresaliente, para lograr esta excelencia no viño. A adega parte de tres premisas: o viñado, a elaboración e o viño. Regina Viarum conta nas súas instalacións con todos os equipamentos enolóxicos para a elaboración dos seus viños coa máis alta calidade.



Usuarios da residencia Monfortina en Regina Viarum.

BODEGA

REGINA VIARUM

VISITANOS NA FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

VITICULTURA HERÓICA
45 ANOS DO NOVO AMANDI

PREMIOS BACO 2021
BACO DE ORO

O Concello de Sober organiza un amplo programa de actividades culturais

O Concello de Sober fai pública a súa programación cultural para este verán, un amplo programa de actividades que seguirán de xeito estrito a normativa sanitaria anticovid en vigor. Concertos, actuacións, a Feira Mostra do Viño de Amandi e as Festas do Carme forman parte desa completa programación deseñada polo goberno local que se estende entre o 30 de xullo e o 19 de setembro.

O calendario comeza o 30 de xullo na Praza do Toural co concerto de Galifunk (22:00 horas). O 6 de agosto concerto de Xoán Curiel na Praza do Pulpo (22:00 horas). O día 7 de agosto a Oficina de Turismo acollerá o acto de presentación do material arqueolóxico da escavación de Proendos (12:00 horas). O 7 de agosto haberá n espectáculo de monicreques nas piscinas municipais, no marco do programa Falaredes, da Secretaría Xeral de Política Lingüística (19:00 horas).

Os días 11 e 12 de agosto celebrárase a Feira Mostra do Viño de Amandi. Entre as actuacións confirmadas, a da Banda de Música de Sober e a de Xogares de Lemos. O 18 de agosto haberá un concerto dos Gin Toni's na Praza do Toural (22:00 horas) e o día 29 celebrárase a Noita á Luz da Lúa na Parroquia de Proendos, organizada polo Colado do Vento, que este ano contará coa actuación de Xabier Vizcaíno e Hérbedos.

O 21 de agosto actuará a Banda de Música de Muimenta na Praza do Toural (20:00 horas). A mesma praza acollerá o 28 de agosto o Baile á Luz da Lúa coa Banda de Música de Sober (22:00 horas). O 17 de setembro, o grupo Luar na Lubre ofrecerá un concerto na Praza do Concello (22:30 horas). O 18 e 19 de setembro celebráranse as Festas do Carme nas que haberá actividades principalmente para o público familiar e unha actuación da orquestra Los Satélites.

O Concello de Sober habilitará cadeiras para poder seguir as actuacións sentados e as zonas estarán delimitadas e haberá control de aforo garantindo que se cumpran as distancias de seguridade e todas as medidas sanitarias en vigor. Todas as actividades estarán



Na XLI Feira Mostra do Viño de Amandi participarán 24 adegas.

marcadas de novo pola pandemia da covid-19, xa que en todo momento estarán vixentes as medidas establecidas polas autoridades sanitarias: "As actividades seguirán de xeito estrito a normativa sa-

nitaria en vigor", aseguran desde o Concello. Durante os concertos haberá cadeiras para seguir as actuacións sentados e sempre en zonas delimitadas previamente. Tamén haberá control do aforo.

A Xunta colabora co Concello de Sober con diversas melloras no consistorio

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local, e Javier Arias, delegado territorial da Xunta en Lugo, visitaron a casa consistorial de Sober, onde se realizaron diversas melloras grazas ás axudas da Orde de Infraestruturas de uso público. A través desta liña de axudas coa que o Goberno galego apoia aos concellos galegos na creación e mellora das súas infraestruturas destinadas a servizos municipais, o municipio de Sober recibiu máis de 48.000 euros para levar a cabo as actuacións na casa do concello.

Segundo explicou a directora xeral, leváronse a cabo melloras de eficiencia enerxética e reformas na planta baixa para acoller o arquivo municipal, actuacións no xulgado de paz e a instalación dun ascensor para poder acceder ás oficinas e ao salón de plenos, ofrecendo así unha mellora na calidade da prestación dos servizos públicos, cun acceso adecuado a persoas con minusvalías ou incapacitadas que empreguen cadeiras de rodas.

Trátase dunha das actuacións financiadas pola Xunta en Sober o ano



Visita na casa consistorial de Sober.

pasado, xunto con outros proxectos apoiados no marco do Fondo de Compensación Ambiental como a posta en valor e recuperación medioambiental do contorno de acceso ao hotel Pazo de Sober, melloras na rede de abastecemento de auga e colocación dun sistema de control de cloro no depósito da auga mediante un kit solar fotovoltaico no lugar de Sistín do Mato, así como a recuperación das fontes e lavadoiros de Casaniño (Brosmos), Vilamea (Bulso) e Vilariño (Pinol) e construción de parques infantís e áreas biosaudables.

O Concello de Sober recibiu nos últimos anos máis de 578.000 euros das distintas liñas de axudas da Vicepresidencia Primeira, entre elas a Orde de Infraestruturas de uso público que permite poñer en marcha ou ampliar e reformar instalacións destinadas á prestación de servizos municipais, así como a dotación do seu equipamento. Na convocatoria deste ano a Xunta mantén o orzamento de catro millóns de euros desta orde dirixida aos municipios galegos, despois de incrementar a contía en 2020 nun millón de euros respecto a 2019.

A Escola de Teatro de Sober finalizou a temporada



A Escola Municipal de Teatro de Sober rematou a temporada escolar coa gravación dunha breve peza para público infantil. Trátase dunha adaptación libre de As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, do escritor Carlos Casares. A obra poderá verse nas redes sociais do Concello de Sober.

A pesar da situación sanitaria e social dos últimos meses, a EMT de Sober continuou o seu traballo dentro da maior normalidade posible. Ao longo do curso realizáronse diversas actividades ao redor das artes escénicas. Ademais das clases regulares, co grupo adulto, no centro socio-cultural fixéronse obradoiros mensuais dentro do espazo Merendas con Contos. Por outra banda, no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme impartíuse un obradoiro de teatro radiofónico.

Deste modo, o Concello de Sober segue apoiando as Artes co lema de que, en palabras do alcalde: "A cultura non pode parar".